

ACTA NÚM. 6 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA BAÑA
REALIZADA O 25 DE SETEMBRO DE 2013

LUGAR: casa do Concello da Baña

DATA: 25 de setembro de 2013

HORA DE COMEZO: 13:30 h en primeira convocatoria

HORA DE REMATE: 14:30 h

ASISTENTES

Alcalde: José Andrés García Cardeso

Concelleiros:

José Manuel Landeira Liñares

Alicia Blanco Sande

Manuel Tourís Fernández

Sandra López Fernández

Roberto Rial Calvo

Francisco Pazos Currais

Ana Paramos Cebey

María Pilar Lema Silva

Laurentino Arnejo Ínsua

José Domínguez Rey

Secretaria:

Olga Dourado González

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior
2. Dar conta dos decretos da Alcaldía
3. Modificación puntual do PXOM para a redelimitación do equipamento de sistema local RCL-11 (San Mamede de Monte): corrección de trámites procedimentais
4. Aprobación do calendario laboral 2014
5. Aprobación da conta xeral do exercicio 2012
6. Aprobación do proxecto humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da Praza do Concello
7. Actuacións de control
 - 7.1 Mocións
 - 7.2 Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

1. Aprobación se procede da acta anterior

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior que lle corresponde á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2013.

2. Dar conta dos decretos da Alcaldía

O Pleno queda informado das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria realizada, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do RD 2568/86, do 28 de novembro, aprobatorio do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

3. Modificación puntual do PXOM para a redelimitación do equipamento de sistema local RCL-11 (San Mamede de Monte): corrección de trámites procedimentais

A Alcaldía explica a necesidade de realizar os trámites de exposición ao público da modificación do PXOM e dá conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo con data do 23 de setembro de 2013 que deseguido se transcribe:

1. Modificación puntual do PXOM para a redelimitación do equipamento de sistema local RCL-11 (San Mamede de Monte): corrección de trámites procedimentais

A Alcaldía informa de que o Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas lle enviou ao Concello da Baña un requirimento de documentación sobre a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Baña para a redelimitación do equipamento do sistema local RCL-11 en San Mamede do Monte. No citado escrito comunican as seguintes deficiencias:

1. Que non se presentan os tres exemplares do proxecto de modificación coa dilixencia da súa aprobación provisional que establece a Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 26 de outubro de 1984 (DOG do 13.11.1984, corrección de erros DOG 22.01.1985).
2. Que non se achega un exemplar do proxecto de modificación sometido a información pública coa dilixencia da súa aprobación inicial.
3. Que o proxecto de modificación do PXOM foi sometido a información pública polo prazo dun mes, cando o artigo 85.2 da LOUG remitido polo 93.4 da LOUG establece un prazo de dous meses.

A Presidencia sinala a necesidade de cumprir co trámite de información pública por prazo de dous meses, de conformidade co sinalado nos artigos 93.4 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en relación co preceptuado no artigo 85.2 do citado texto legal tal e como se especifica no informe complementario de Secretaría-Intervención. Neste sinalase, igualmente, que debe corrixirse o trámite procedimental viciado de anulabilidade; en consecuencia, debe expoñerse ao público por período de dous meses o trámite de aprobación inicial e declarar expresamente a convalidación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantivese igual de non cometerse a infracción, como son a emisión de informes sectoriais por parte das administracións sectoriais.

A Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo acorda, por unanimidade, proporlle ao Pleno da Corporación aprobar o seguinte acordo:

Primeiro. Cumprir o trámite de exposición ao público sinalado nos artigos 93.4 en relación co 85.2 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, por prazo de **dous meses** mediante un anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se consideren pertinentes.

Segundo. Manter a suspensión de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión terá unha duración máxima de dous anos e extinguirase coa aprobación definitiva deste documento.

Terceiro. Convalidar expresamente aqueles actos e trámites cuxo contido se mantivese igual de nos cometerse a infracción, como son a emisión de informes sectoriais por parte doutras administracións.”

A concelleira D^a. Ana Paramos Cebey lamenta que por un erro, como o da exposición ao público, se teñan que demorar máis os trámites.

Sometida a votación a proposta da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo, resulta aprobada por unanimidade da Corporación, en todos os seus termos.

4. Aprobación do calendario laboral 2014

A Alcaldía dá conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Patrimonio e Persoal de data 23 de setembro de 2013 que deseguido se transcribe:

1. Aprobación do calendario laboral 2014

Visto o escrito remitido pola Consellería de Traballo e Benestar no que se require deste concello que se determinen os dous días do próximo ano 2014 que teñen carácter de festas locais, a Comisión Informativa de Contas, Patrimonio e Persoal acorda, por unanimidade, propoñerlle ao Pleno da Corporación o día 22 de xaneiro, mércores, festividade de San Vicente e 9 de setembro, martes, festividade da Virxe das Dores.

Sometido o asunto a votación este resulta aprobado por unanimidade dos señores asistentes.

5. Aprobación da conta xeral do exercicio 2012

O artigo 212, apartados 3 e 4 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establece o seguinte:

3. La cuenta general con el informe de la Comisión Especial a que se refiere el apartado anterior será expuesta al público por plazo de 15 días, durante los cuales y ocho más los interesados podrán presentar reclamaciones, reparos u observaciones. Examinados éstos por la Comisión Especial y practicadas por esta cuantas comprobaciones estime necesarias, emitirá nuevo informe.

4. Acompañada de los informes de la Comisión Especial y de las reclamaciones y reparos formulados, la cuenta general se someterá al Pleno de la corporación, para que, en su caso, pueda ser aprobada antes del día 1 de octubre.

5. Las entidades locales rendirán al Tribunal de Cuentas la cuenta general debidamente aprobada.

O informe de Secretaria-Intervención con data do 30 de maio de 2013 reflicte, entre outras, as magnitudes de aforro neto por importe de 9.468,72 euros, un resultado orzamentario axustado por importe de 90.148,22 euros e un remanente de Tesourería para gastos xerais de 303.960,41 euros.

A Conta xeral correspondente ao exercicio 2012 do Concello da Baña e o ditame emitido pola Comisión de Contas, Patrimonio e Persoal foron sometidos a información pública mediante un anuncio inserto no BOP núm. 151 con data do 9 de agosto de 2013 e non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións a esta.

A concelleira D^a. Ana Paramos, portavoz do Grupo Municipal Socialista, manifesta que o seu grupo político non pode votar a favor na aprobación da conta xeral polos seguintes motivos:

- Excesivo gasto de construción sen saber a que son destinados: tubos, formigón..a práctica deste concello é ceder material.
- Excesiva facturación en copias de chaves do Concello.
- Excesiva facturación en telefonía móbil.
- Excesivo gasto en arranxos e compras para o local social de Barcala: pedra, deshumidificador...
- Gasto excesivo nunhas obras no Barro.
- Gasto excesivo nun baño de alta gama sen previo informe da traballadora social.
- Elevadas facturas relativas á Festa da Filloa.
- Conceptos de carpintería moi elevados.
- Recibos do campo de fútbol e dos pavillóns sen especificar se se trata dunha hora ou de dúas.
- Gasto descomunal de lavandería por lavar roupa dunha residencia privada.

A Presidencia resposta que hai que falar claro, que a Conta xeral estivo exposta ao público, o que hai que facer é presentar as queixas por escrito. Recórdalle á oposición que o Concello ten asinado un convenio coa casa da terceira idade de Ceilán. Agora estamos cambiando a ordenanza para modificar os prezos. O que non se pode facer son suposicións para iso está a exposición pública, para facer as alegacións que se estimen oportunas, pero como di o dito popular “si queredes a paz, prepara a guerra”.

A concelleira D^a. Pilar Lema Silva di que non está ben que a residencia se aproveite deste servizo, porque practicamente a lavandería funciona para a residencia, o resto do pobo case non a usa.

A Alcaldía explica que agora se vai sacar un convenio polo tema do comedor a domicilio e despois vaise explicar a ordenanza pola lavandería. Diríxese ao concelleiro D. Laurentino para dicirlle que non debe acusar a ninguén co escrito presentado relativo á construción dun peche en Troitamil, o técnico do Concello visitou o lugar da devandita obra e déuselle

licenza porque xa presentou informe para a Xunta de Goberno Local. A partir deste momento establécese amplo debate relativo a este asunto.

Sometida a aprobación da Conta xeral a votación acádase o seguinte resultado: sete votos a favor correspondentes ao grupo municipal popular e catro votos en contra do grupo municipal socialista, resulta aprobada por maioría absoluta a Conta xeral do exercicio 2012.

6. Aprobación do proxecto humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da Praza do Concello

A Alcaldía explica que se trata de remodelar as beirarrúas que están en moi mal estado e ao mesmo tempo incluír a mellora da praza do Concello; fixéronse as xestións oportunas para incluír este proxecto para a súa financiación na Deputación. Deseguido dá conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, Infraestructuras e Urbanismo con data do 23 de setembro de 2013 que deseguido se transcribe:

2. Aprobación do proxecto humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e da praza do Concello

A Comisión Informativa de Obras, Infraestructuras e Urbanismo acorda, cos cinco votos a favor do Grupo Municipal Popular e as tres abstencións do Grupo Municipal Socialista, proporlle ao Concello Pleno a aprobación da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONSIDERACIÓNS

1. Juan Carlos Carballeira Rifón, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado núm. 7383, redactou o proxecto de humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e Praza do Concello.

Por todo isto, a Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación adoptar os seguintes acordos:

1. Solicitarlle á Deputación Provincial da Coruña que realice os investimentos que se indican deseguido:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Achega provincial
Humanización das rúas Castelao, Rosalía de Castro e Praza do Concello	239.978,02 €	47.995,61 €	191.982,41 €

2. Aprobar o correspondente proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado núm. 7383, Juan Carlos Carballeira Rifón.
3. Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para executar a obra.
4. Comprometerse a que este concello inclúa crédito dabondo para financiar o importe da achega municipal no orzamento municipal correspondente.

5. Declarar que o Concello non percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para financiar o investimento.
6. Autorizar a Deputación a que obteña as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
7. Facultar o alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

Sometido o asunto a votación, este resulta aprobado por unanimidade dos/as señores/as asistentes.

7. Rogos e preguntas

A Alcaldía procede a dar resposta ás preguntas formuladas polo Grupo Municipal Socialista no Pleno anterior:

- En relación co informe de ingresos de instalacións deportivas, informa de que a recadación no ano 2012 e ata o mes de setembro de 2013 é co seguinte detalle:

2012: pavillóns e campo de fútbol: 3.725 € e piscina: 1.999,50 €.

2013: pavillóns e campo de fútbol: 1.915 € e piscina: 2.190 €.

- En canto á facturación de Kilowatio Galicia, a Alcaldía explica que houbo unha serie de roubos de cable de cobre dos alumado públicos de diferentes aldeas do concello entre elas está Troitosende, Fiopáns, Lañas, Nantón e hai uns días tamén no Rucheiro; tamén estes días roubaron cable de cobre na Pedra Mámoa de Negreira, todo isto ocasiona un incremento na facturación, cambiar o cobre por aluminio.

A concelleira D.^a Ana Paramos quere facer unha serie de preguntas:

1. Por que no mes de agosto cando José Cardeso estivo de vacacións non se abriron os pavillóns da Baña e de Lañas?

A Alcaldía resposta dicindo que no mes de agosto non houbo peticións e estivéronse facendo unha serie de obras, para adaptar a sala Fitnes, e por iso se pechou porque as obras soltaban moito polvillo.

2. Pregunta se os sábados se abre o Concello.

A Alcaldía comenta que o Concello permanece aberto todos os sábados para os efectos do rexistro e que se nalgún momento a porta figura pechada foi porque pode ser que o traballador/a saíra nun momento dado a tomar café ou a facer unha xestión; pero que en principio sempre está aberto os sábados; soamente se pecha o día de noite boa, fin de ano ou se coincide en festivo.

A concelleira di que o primeiro sábado de setembro estivo pechado.

O concelleiro D. Manuel Tourís di que ese sábado, en concreto, chamou ao Concello e que lle colleron o teléfono.

3.Pregunta, a continuación, en que fase está o tema das masas comúns.

A Alcaldía explica que houbo tres poxas e despois todas as persoas que fixeron petición participarán nunha poxa o 12 de novembro ás 10:30 h na Casa da Cultura. Hai que dicir que houbo moitas peticións e que é a Xunta a que leva a cabo as poxas.

Quere saber quen é o responsable daquelas masas comúns que se transforman en vertedoiros e que están sen limpar; ao que lle corresponda debería limpar eses terreos, e solicita que isto se leve a cabo.

O concelleiro D. Francisco Pazos Currais di que el tivo a ocasión de dicirlle a unha persoa que retirase uns escombros depositados nun sitio inapropiado; hai que mentalizar a xente de que o Concello ten un servizo de recollida de voluminosos e que polo de momento é gratuíto.

A concelleira di que se algunha destas masas é da Xunta debería limpalas e suscítase debate por este asunto no seo da Corporación.

4.O concelleiro D. Laurentino Arnejo pregunta cando está prevista a apertura da gardería.

A Presidencia resposta que temos o prazo ata o quince de novembro para xustificar o investimento e despois hai que solicitarlle á Xunta o inicio da actividade; precisa que non é unha gardería senón un Punto de Atención á Infancia.

5. O concelleiro D. Laurentino Arnejo solicita que se corrixa o pintado da estrada da Xunta que vai dende Portomouro ata Santa Comba, xa que no novo mercado, no alto da Trincheira, hai unha liña continua e non se pode pasar; por alí hai moita máquina pesada e dá servizo a moitos terreos.

A Presidencia resposta sinalando que falará co vixiante.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematado o acto, cando son as 14:30 horas no lugar e na data enriba indicados, do que estendo a presente acta, que asina o alcalde, e eu, secretaria que dou fe.

A secretaria-interventora

Visto e prace
O presidente